



PROGRAMACIÓN DOCENTE. HISTORIA DA MÚSICA III

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLOS DECRETOS 163/2015 E 171/2016)

CURSO 2024-2025

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
HISTORIA DA MÚSICA III (1eiro cuadrimestre)										
ESPECIALIDADE:	TODAS							ITINERARIOS:	TODOS	
CARÁCTER:	Formación Básica							TIPO DE CLASE:	COLECTIVA	
DEPARTAMENTO:	MUSICOLOXÍA							XEFE DE DPTO.:	Sergio Añón Lijó	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso		4º curso			COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:	Pablo Ruibal	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	2
ECTS/CUAD.			3						Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS							EMAIL/TEL/WEB	TITORÍA	
	Pablo Ruibal							pabloruibal@gmail.com	Venres 9,00h * * Pedirase cita. En caso de que alumno non poida asistir nesa hora poderase concertar unha titoría on líne ou presencial solicitándoa previamente ao docente	

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR	Coñecemento dos movementos e tendencias fundamentais da historia da música occidental a partir da análise, audición e o comentario do texto literario e/ou musical, con atención aos aspectos estilísticos, históricos e expresivos da tradición musical e ao seu contexto cultural e social.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os esixidos na proba de acceso ao grao superior e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos do cuadrimestre anterior. Coñecementos básicos musicais e de xeografía, historia e historia da arte.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	A trama que conforman os contidos das disciplinas de formación básica constitúen esa base imprescindible que permite acadar unha comprensión completa do feito musical tanto no ámbito interpretativo, como no compositivo e no pedagóxico. No caso concreto da Historia da Música, existe unha complementariedade obvia coas disciplinas de Historia dos Instrumentos, Organoloxía e Música e Culturas.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T4, T8, T11, T16, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EC10, ED10, EI4, EP3
Ver a lista e descrición de competencias nos Decretos 163/2015 e 171/2016	



3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Valorar a música como expresión xenuina e característica do ser humano tanto a nivel individual como no seu comportamento social.	T11, T16, T17 X10,X11,X12, X14, X15 X16, X17,X26, EP3
Promover unha reflexión crítica sobre o coñecemento histórico, as súas potencialidades e os seus límites.	T8,T11, T16, T17 X10,X11,X12,X14,X15, X16, X17,X18,X26 EC10, ED10, EP3
Recoñecer e contextualizar histórica e estéticamente cada estilo musical en función das súas características, fundamentalmente a través da audición e análise.	T2, T4,T8,T17 X4,X10,X11,X12,X14,X15, X16X17,X18,X26 EC10, ED10, EI4, EP3
Contextualizar a creación musical na sociedade na que aparece, e relacionala co resto de actividades artísticas contemporáneas.	T2,T4,T8,T17, X10,X11,X12,X14,X15, X16, X17,X18,X26 EC10, ED10, EI4, EP3
Comprender a importancia dos movementos artísticos e sociais na cultura occidental.	T1, T2,T4, T8, T11, T16, T17 X1, X4, X10,X11,X12,X14,X15, X16, X17X18,X26 EC10, ED10, EI4, EP3
Coñecer as principais características das sociedades europeas dos período contemporánea e a súa influencia na creación musical deste período.	T1, T2,T4, T8, T11, T16, T17 X1, X4, X10,X11,X12,X14,X15, X16, X17X18,X26 EC10, ED10, EI4, EP3
Adquirir coñecementos xerais sobre os procesos de transmisión da música en xeral para aplicalos á música en Occidente en sentido particular	T1, T2,T4, T8, T11, T16, T17 X1, X4, X10,X11,X12,X14,X15, X16, X17X18,X26 EC10, ED10, EI4, EP3
Comprender e valorar o interese artístico e social da música dos séculos XIX e XX e tratar de aproximarse ós canles de investigación actuais sobre os conceptos musicais desta época.	T1, T2,T4, T8, T11, T16, T17 X1, X4, X10,X11,X12,X14,X15, X16, X17X18,X26 EC10, ED10, EI4, EP3
Coñecer e entender as técnicas compositivas empregadas na música dos períodos estudados como base da apreciación estética da mesma.	T1, T2,T4, T8, T11, T16, T17 X1, X4, X10,X11,X12,X14,X15, X16, X17X18,X26 EC10, ED10, EI4, EP3
Ler, analizar e interpretar textos e fontes (non exclusivamente de carácter musical), como base da contextualización histórica da música da época.	T1, T2,T4, T8, T11, T16, T17 X1, X4, X10,X11,X12,X14,X15, X16, X17X18,X26 EC10, ED10, EI4, EP3



4. CONTIDOS		
TEMAS	Descritor Subtemas	Sesións
1. A música na primeira metade do século XIX (I)	<p>1.1. Aspectos xerais da música romántica. A música e os músicos na sociedade de principios do XIX. A produción de música. Novos instrumentos e formacións.</p> <p>1.2. A canción. Características xerais. Schubert e o lied. Outros.</p> <p>1.3 A música para piano. O piano, características organolóxicas, papel social do instrumento, función e produción musical.</p> <p>Xéneros pianísticos : Estudios, preludios, pezas de carácter, sonatas, concertos, etc.. Os contemporáneos de Beethoven: Clementi, Field, A xeración romántica: Schubert, Mendelssohn, Schumann, Chopin, Liszt.</p> <p>1.4. A música de cámara. Agrupacións comúns. Rasgos xerais da música de cámara. Obras e autores principais.</p> <p>2.1 A música de orquestra. Composición e cambios na orquestra. Formas sinfónicas. O director de orquestra. Producción sinfónica. Os compositores sinfónicos. Diferentes tipos de orquestra.</p> <p>2.2. Teatro musical: funcións, organización e difusión da súa música. A ópera na primeira metade do século. Italia: Rossini, Bellini e Donizetti Francia: <i>Grand opera</i> e <i>opera comique</i>. Alemania e a ópera romántica.</p>	3
2. A música na segunda metade do século XIX	<p>1 Romanticismo tardío en Alemania.</p> <p>1.1 Brahms 1.2 Liszt 1.3 R. Strauss. 1.4 Bruckner 1.5 Hugo Wolf</p> <p>2. Francia. 2.1 Fauré. 2 Franck. 3 Outros</p> <p>3.Rusia. 3.1 O grupo dos Cinco 3.2 Tchaikovski</p> <p>4.Teatro musical na Segunda metade do século. 4.1 Verdi e Puccini/ 4.2 Wagner / 4.3 Ópera nacional. 4.4 Outros xéneros teatrais: opereta, ballet, cabaret, <i>género chico</i></p> <p>5.Identidades musicais e nacionalismo. 5.1 España.5.2 Bohemia. 5.3 Escandinavia 5.4 O “nacemento” da música popular: Música urbana e folklore</p>	3
3. A música na primeira metade do século XX (I): a música popular e o jazz	<p>1 O cambio de século:</p> <p>1.1 Contexto histórico 1.3 A modernidade 1.4 Innovacións tecnolóxicas: gravación radio e público 1.5Novas tendencias musicais: música popular, jazz, cine, etc.</p> <p>2 A música popular ata a SGM.</p> <p>2.1 A canción popular. 2.2 A explosión das músicas populares vernáculas.</p> <p>2.3 A canción popular en España. 2.4 A radio e a copla</p> <p>3 A música popular e o jazz en EEUU</p> <p>3.1 O Musical de Broadway 3.2 O blues 3.3 A era clásica do jazz: das orixes ao <i>Swing</i>.</p>	2
4. A música na primeira metade do século XX (II): a música académica.	<p>1. Arte Moderno.</p> <p>1.1 O espírito da Modernidade. 1.2 Novas tendencias e linguaxes do século XX na música</p> <p>2.Centroeuropa.2.1A Segunda Escola de Viena.2.2 Nova Obxectividade. .3 Bela Bartok</p> <p>3.Francia. 3.1 Claude Debussy.3.2 Neoclasicismo.3.3 Ravel e Satie</p> <p>4. Rusia e a URSS:4.1 Igor Stravinski .3.Música na URSS</p> <p>4. Tradición académica en América: 4.1 Estados Unidos.4.2 Latinoamérica</p> <p>5. España. A Idade de prata da música en España: Manuel de Falla</p>	2
5 A música despois da SGM (1945-1970)	<p>1 Contexto.</p> <p>1.1A guerra Fría/ 1.2 A pluralidade de estilos e tendencias.1.3 A irrupción da música popular de masas e o divorcio da música culta contemporánea co público</p>	3



	<p>2 As vangardas. 2.1 Serialismo. /2.2 Música aleatoria / 2.3 Experimentalismo: Cage/ 2.4 A música electrónica / 2.5 Música concreta 2.6 Música textural, micropolifonía e outros recursos 3. A música popular. 3.1 Cambios no panorama musical: os <i>mass media</i> e o público. Gravación, radio, TV etc. 3.2 Estilos populares de masas: <i>rock</i> e <i>pop</i>, <i>r&b</i> etc. O jazz moderno: do <i>be-bop</i> ao <i>free jazz</i></p>	
6 A música nos últimos cincuenta anos.	<p>1.O mundo dende 1970. 1.1A cultura global /1.2 O postmodernismo: cambios de concepto na cultura/ 1.3 O eclecticismo na arte e a influencia do popular. 2. Novas tendencias 2.1Recursos sonoros: cita, collage, etc../ 2.2 A música electroacústica/2.3 A nova accesibilidade 2.4 Novas correntes: minimalismo, neotonalismo, espiritualismo, poliestilismo, etnicismo/2.5 as fronteiras da tradición clásica e do jazz: novas músicas. 3. Tendencias na música popular. 3.1 Música popular e sociedade 3.2 Os nichos da música popular 3.3 a interacción con outras culturas. 4 As novas tecnoloxías dixitais 4.1A influencia no consumo musical 4.2 Produción de música, gravación e formatos/ 4.3 Internet/ 4.4 Novos instrumentos. Epílogo: o século XXI, camiños de futuro na música.</p>	1
Actividades reforzo e repaso		2
Total Sesións		16

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAS	HORAS NON PRESENCIAS*	TOTAL HORAS
Exposición maxistral	20	0	20
Estudio individual	0	38	38
Lectura guiada e comentario de fontes	3	2	5
Comentario de audicións	3	10	13
Actividades complementarias	3	8	11
Actividades de avaliación: Probas (2) Revisión de probas (1)	3	0	3
TOTAL HORAS	32	58	90



6. AVALIACIÓN			
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA) *			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<p>Probas obxectivas: Probas escritas, baseadas nos contidos conceptuais . (ponderación : 80 %)</p> <p>-Desenvolvemento de cuestións longas e curtas sobre o temario.</p> <p>-Realización de comentarios de audicións, textos ou partituras relacionando aspectos estilísticos e históricos .</p>	<p>-Asimilación dos contidos.</p> <p>- Demostrar a capacidade de relacionar conceptos e ideas por escrito con soltura e madurez expresiva.</p> <p>-Uso correcto dos conceptos e terminoloxía estudados na aula.</p> <p>-Coñecemento das características sonoras do repertorio estudado.</p> <p>-Capacidade de concreción e síntese</p> <p>-Capacidade para relacionar ideas e conceptos.</p> <p>-Capacidade para relacionar contido de forma diacrónica e sincrónica.</p> <p>-Claridade e orde na exposición das ideas.</p> <p>-Aplicación práctica dos conceptos estudados na aula.</p> <p>-Corrección gramatical e ortográfica.</p> <p>-Adecuación do rexistro lingüístico.</p> <p>* O valor máximo das preguntas sinalárase nos exercicios. A valoración do docente de cada pregunta será proporcional á cantidade e calidade de exposición de contidos do alumno e á adecuación da expresión aos obxectivos propostos . Por tanto a valoración pode variar dende o 0 ata o valor máximo da pregunta.</p> <p>** Non se admitirán párrafos de exame que presenten a mesma redacción que a dos temas entregados na aula: de ser ese o caso a pregunta invalidárase automaticamente</p> <p>*** non se admitirá a ningún alumno despois dos primeiros dez minutos do inicio do exame.</p>	<p>X10,X11,X12,X14,X15,X16X17X18, X24,X25,X26</p>	<p>80%</p>
<p><i>Seguimento diario</i></p> <p>Avaliación mediante observación directa.</p> <p>-Observación da actitude de alumno na clase</p> <p>- Realización de traballos de busca e asimilación de información para expoñer na aula.</p> <p>-Realización de exercicios escritos sobre diversos contidos.</p> <p>Exposición de epígrafes dos temas</p> <p>(ponderación: 20 %)</p>	<p>-Aplicación práctica dos conceptos estudados na aula.</p> <p>- Capacidade de relacionar conceptos e ideas.</p> <p>-Participación activa nas clases.</p> <p>-Realización dos exercicios prácticos propostos.</p> <p>-Descrición adecuada de audicións de obras das épocas tratadas (indicando as súas características máis importantes tanto a nivel musical como histórico).</p> <p>-Capacidade de síntese dos aspectos tratados na aula mediante comentario de textos ou preguntas directas.</p> <p>- Emprego adecuado das ferramentas informáticas adecuadas as actividades propostas.</p> <p>-Referencia adecuada as fontes utilizadas.</p>	<p>T2,T3,T4,T8,T15,T17,X10,X11,,X12,X14,X15,X16,X17,X18,X24,X25,X26</p>	<p>20%</p>



- Para poder optar á ponderación, a nota final das probas escritas non deberá ser inferior a 4,5 . No caso de que non se supere esa nota nun dos parciais, dita nota non entrará no cálculo da media final considerándose esa proba como non superada tendo que ser repetida.
- A simple asistencia non conleva a avaliación positiva. Se o traballo do alumno durante o cuadrimestre non resultase nunha nota positiva, a influencia final na nota de exame pode ser nula ou incluso negativa
- A non realización das tarefas obrigatorias no prazo previsto terá como consecuencia unha cualificación de cero na parte correspondente da avaliación continua
- Os alumnos que superen as 4 faltas de asistencia permitidas perderán o dereito á avaliación continua (ver avaliación alternativa).
- Incorrer en plaxio (non facer a adecuada referencia ás fontes empregadas) nalgunha actividade ou o emprego de calquera fonte ou ferramenta non permitida nunha proba implica a inmediata cualificación de cero na actividade .
- Poderanse conceder matrículas de honra ao 5% do alumnado coas mellores cualificacións, sempre que acaden como mínimo un 9 na media entre exames e avaliación continua. O alumno terá tamén que realizar ademais un traballo en formato de artigo, cuxo tema será libre mais sempre relacionado cos contidos da materia impartida. O tema será consensuado co docente e a extensión e demais condicións serán determinados por este. Así mesmo, se houbera varios candidatos coa mesma nota, este traballo extraordinario serviría para desempatar entre os aspirantes. O traballo será susceptible de ser publicado na revista do centro.

6.1.2. AVALIACIÓN ALTERNATIVA **

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<p>Probas obxectivas: Probas escritas, baseadas nos contidos conceptuais . (100%)</p> <p>-Desenvolvemento de cuestións longas e curtas sobre o temario.</p> <p>-Realización de comentarios de audicións, textos ou partituras relacionando aspectos estilísticos e históricos .</p>	<p>-Asimilación dos contidos.</p> <p>- Demostrar a capacidade de relacionar conceptos e ideas por escrito con soltura e madurez expresiva.</p> <p>-Uso correcto dos conceptos e terminoloxía estudados na aula.</p> <p>-Coñecemento das características sonoras do repertorio estudado.</p> <p>-Capacidade de concreción e síntese</p> <p>-Capacidade para relacionar ideas e conceptos.</p> <p>-Capacidade para relacionar contido de forma diacrónica e sincrónica.</p> <p>-Claridade e orde na exposición das ideas.</p> <p>-Aplicación práctica dos conceptos estudados na aula.</p> <p>-Corrección gramatical e ortográfica.</p> <p>-Adecuación do rexistro lingüístico.</p> <p>* O valor máximo das preguntas sinalarase nos exercicios.</p> <p>A valoración do docente de cada pregunta será proporcional á cantidade e calidade de exposición de contidos do alumno e á adecuación da expresión aos obxectivos propostos . Por tanto a valoración pode variar dende o 0 ata o valor máximo da pregunta.</p> <p>** Non se admitirán párrafos de exame que presenten a mesma redacción que a dos temas entregados na aula: de ser ese o caso a pregunta invalidarase automaticamente.</p> <p>*** non se admitirá a ningún alumno despois dos primeiros dez minutos do comezo do exame.</p>	<p>X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X24, X25, X26</p>	<p>100%</p>



OBSERVACIÓNS

-Os alumnos que superen as catro faltas de asistencia á clase) terán que presentarse a un exame final cun formato diferente ao anterior no que non cabe eliminación da materia. Neste caso por tanto a materia a avaliar será toda a que aparece na programación incluídas lecturas feitas ou recomendadas e os listados de audicións.

-Estes alumnos realizarán un exame final nas datas propostas polo centro. A nota final será a do exame; posto que non se dispón de outras cualificacións é imprescindible ter unha nota mínima de 5

6.1.3 ADIANTO DE CONVOCATORIA

Os alumnos aos que lles reste so esta materia para rematar o plan de estudos poderán solicitar á xefatura de estudos un adianto da convocatoria ordinaria a finais de novembro, o que implica a súa avaliación segundo o procedemento de avaliación alternativa arriba exposto. A data do exame será fixado e comunicado ao alumno unha vez aprobada a súa solicitude.

6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA ***

Os alumnos que non superen a convocatoria ordinaria contan cunha convocatoria extraordinaria que o centro fixará dentro da segunda semana do calendario de exames (terceira semana de xuño). A súa avaliación seguirá o procedemento de avaliación alternativa arriba exposto.

<p>Proba extraordinaria:</p> <p>-Desenvolvemento de cuestións longas e curtas sobre o temario.</p> <p>-Realización de comentarios de audicións, textos ou partituras relacionando aspectos estilísticos e históricos .</p>	<p>-Asimilación dos contidos.</p> <p>- Demostrar a capacidade de relacionar conceptos e ideas por escrito con soltura e madurez expresiva.</p> <p>-Uso correcto dos conceptos e terminoloxía estudados na aula</p> <p>-Coñecemento das características sonoras do repertorio estudado.</p> <p>-Capacidade de concreción e síntese.</p> <p>-Capacidade para relacionar ideas e conceptos.</p> <p>-Capacidade para relacionar contido de forma diacrónica e sincrónica.</p> <p>-Claridade e orde na exposición das ideas.</p> <p>-Aplicación práctica dos conceptos estudados na aula.</p> <p>-Corrección gramatical e ortográfica.</p> <p>-Adecuación do rexistro lingüístico.</p> <p>*** non se admitirá a ningún alumno despois dos primeiros dez minutos tras o comenzo so exame</p>	<p>X10,X11,X12,X14,X15,X16X17 X18,X24,X25,X26</p>
--	--	---

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p>Así mesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</p>	<p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p>



8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

FERRAMENTAS TECNOLÓXICAS DE CONTIDOS

AULA VIRTUAL: todos os contidos, programacións instrucións e actividades aparecerán na Aula Virtual Historia da música III do Conservatorio Superior de música de A Coruña

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cmuscورونا/aulavirtual/course/view.php?id=64>

SPOTIFY Aplicación multiplataforma para escoitar música via *streaming* (hai tamén outras posibilidades): elaboraranse listados de audicións a escoitar para compartir co alumnado (suscripción do docente)

YOUTUBE: <https://www.youtube.com>

RECURSOS MATERIAIS NA AULA

-Ordenador con acceso a internet, e pantalla para mostrar os contidos audiovisuais nos que se basean as clases.

-Altofalantes conectados ao ordenador para un mellor son

-Fondos bibliográficos básicos para a consulta na aula: dicionarios e manuais de referencia.

BIBLIOGRAFIA

Auner, Joseph. *La música en los siglos XX y XXI*. Madrid: Akal, 2017

Burkholder, John P., Grout, Donald J. e Palisca, Claude V.. *Historia de la Música Occidental*. Madrid: Alianza, 2015

Cook, Nicholas e Pople, Anthony (eds.). *The Cambridge History of Twentieth Music*. Cambridge: Cambridge University Press, 2004

Fuld, James J. *The Book of World-Famous Music: Classical, Popular and Folk*. Nova York: Mineola, 2000

Morgan, Robert. *La música del siglo XX*. Madrid: Akal Música, 1994

Plantinga, Leon. *La música romántica*. Madrid: Akal Música, 1992

Sadie, Stanley e Tyrell, John (eds.). *The New Grove Dictionary of Music & Musicians*. 29 vols. Nova York- London: Macmillan Publishers, 2001

Samson, Jim. *The Cambridge History of Nineteenth-Century Music*. Cambridge University Press, 2001.

Shipton, Alyn. *A new story of jazz*. London: Continuum, 2001

Shuker, Roy. *Understanding Popular Music*. London: Routledge, 2001

Taruskin, Richard. *The Oxford History of Western Music, vol. 3, The Nineteenth-Century*. Oxford: Oxford University Press, 2005

Taylor, Timothy. *Global Pop: World Music, World Markets*. London: Routledge, 1997

Van der Merwe, Peter. *Origins of the Popular Style: The Antecedents of Twentieth-Century Popular Music*. Oxford: Clarendon Press 1989

Whitcomb, Ian. *After the Ball: Pop Music from Rag to Rock*. Nova York: Simon & Schuster, 1994

SELECCIÓN DE PÁXINAS WEB

<http://www.groovemusic.com> . Enciclopedia on line (necesita suscripción)

http://imslp.org/wiki/Main_Page Partituras de acceso libre

<http://www.jstor.org/music> (necesita suscripción)

<http://www.music.princeton.edu:80/chant.html/>. Plataforma con enlaces a outras páxinas web sobre musicoloxía .

<http://plato.acadiau.ca/courses/musi/callon/2273/scores.htm>. Partituras de acceso libre

<http://icking-music-archive.org/ByComposer.php>. Partituras música instrumental de acceso libre

<http://www.sibetrans.com/> páxina da Sociedade Ibérica de Etnomusicología, acceso libre

http://www.chicagomanualofstyle.org/tools_citationguide.html Manual de estilo para referencias e fontes

Estas páxinas son de carácter xeral . Concretarase outro tipo de páxinas máis específicos en cada apartado e segundo o tema a tratar



9. OBSERVACIÓNS

Aconséllase ao alumno :

- A asistencia as clases.
- A preparación semanal dos contidos e o estudo breve pero constante. Deixalo para o final ademáis de peores resultados pode afectar ao seu propio horario académico como se ven demostrando neste anos recentes, o que é motivo de queixa dos respectivos docentes da especialidade. A única forma de evitalo é o estudo regular.
- A realización de esquemas e resúmenes coas súas propias conclusións.
- A asistencia as titorías sinaladas de acordo co docente para resolver dúbidas, planificar o estudo ou para calqueira outra cuestión relacionada coa materia.
- A pronta obtención de recursos en papel ou en audiovisual que o docente proporcionará para dispoñer do material necesario no estudo persoal .
- A realización dos exercicios propostos polo docente.